



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O pasado luns a Axencia Galega de Innovación (GAIN) publicou no [Diario Oficial de Galicia \(DOG\)](#) o anuncio da licitación para a selección dun ou varios socios tecnolóxicos que se asocien coa Xunta de Galicia para desenvolver un polo tecnolóxico arredor dos sistemas aéreos non tripulados na nosa comunidade. Esta publicación abre o prazo de quince días, até o **3 de agosto**, para que as empresas que desexen optar a converterse neste socio tecnolóxico presenten a solicitude de participación. O importe máximo deste contrato ascende a 21 millóns de euros (sen IVE) e o procedemento de contratación emprega a fórmula novidosa do diálogo competitivo dentro da modalidade de compra pública precomercial de servizos de I+D. Podes consultar o documento completo da convocatoria baixo a denominación RFP na sección “Documentación” da [web da Civil UAVs Initiative](#).

Precisamente este anuncio coincideu coa celebración en Santiago de Compostela dun **workshop** no que se presentou esta iniciativa a máis de 200 representantes de empresas de distintos países interesados en participar no proxecto. Podes acceder aos contidos expostos nas xornadas a través da [sección “Documentación” da web da iniciativa](#). O éxito de participación neste evento demostrouse tamén no volume de reunións mantidas entre as empresas multinacionais asistentes e o tecido produtivo galego co obxectivo de establecer alianzas para desenvolver proxectos conxuntos. Debido á elevada demanda destes encontros de negocio, a **Axencia Galega de Innovación seguirá poñendo a disposición a infraestrutura necesaria para que continúen manténdose estas reunións** durante os próximos días -do 27 de xullo ao 7 de agosto- nas instalacións da Axencia Galega de Innovación en Santiago de Compostela. A partir de mañá, a través da páxina web da [Civil UAVs Initiative](#) podes acceder á plataforma para concertar estas reunións. Esta oportunidade está aberta tanto para as entidades que participaron no workshop, como a calquera outra que esté interesada en participar no proxecto.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!

Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí. Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.